

**RESOLUCIÓN do 23 de xullo de 2025 pola que se lle dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas para facilitar o financiamento da adquisición de uva polas adegas de elaboración de viño acollido ás denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas vitivinícolas galegas para a campaña 2025. Instituto Galego de Promoción Económica. DOG 147 (04/08/2025)**

**Obxeto**

Estas bases teñen por obxeto facilitar o financiamento da adquisición de uva polas adegas de elaboración de viño acollido ás denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas vitivinícolas galegas para a campaña 2025, en réxime de concorrencia non competitiva (código de procedemento IG408F).

**Persoas beneficiarias**

Empresas que teñan, polo menos, un centro de traballo en Galicia e que sexan titulares de adegas de elaboración de viño (CNAE 1102), acollido ás denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas vitivinícolas galegas.

As empresas poderán ser persoas físicas ou xurídicas. Tamén poderán ter a condición de persoas beneficiarias as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, as comunidades de bens, as sociedades civís ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado.

No caso das cooperativas, o préstamo poderá estar asinado por un representante da entidade, logo de autorización dela, ou polos cooperativistas, que asumirán a débeda en proporción á súa porcentaxe de participación.

**Gastos subvencionables**

A axuda consistirá na subvención das comisións e xuros aplicados polas entidades bancarias e sociedades de garantía recíproca, se é o caso, nas operacións de préstamo necesarias para o **financiamento da adquisición da colleita de uva do ano 2025**, por parte dos titulares de adegas de elaboración de viño acollido ás denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas vitivinícolas galegas.

Serán susceptibles de apoio os **préstamos formalizados entre o 1 de setembro de 2025 e o 30 de decembro de 2025**, incluíndo as operacións aprobadas pendentes de formalizar no momento da solicitude.

Características dos préstamos	Préstamos avalados por SGR	Préstamos sen aval de SGR
Prazo de vixencia	3 anos incluíndo un mínimo de 6 meses de carencia	1 ano incluíndo un mínimo de 6 meses de carencia
Tipo de xuro máximo	Euribor 12m + 2.50% durante o primeiro ano	
Comisión de formalización máxima	0,50%	
Comisión amortización anticipada	0%	
Garantía	Aval da SGR polo 100% *Condicións dos avais das SGR:dicións dos avais das SGR: - Com. Apertura e/ou estudo 0,5% do principal/ou estudo 0,5% do principal - Com. Aval anual 1,25% - Com. Amortiz. Anticipada 0%	A entidade financeira poderá tomar garantías agás o peñoramento de depósitos do titular que detraian a liquidez.

A base subvencionable será a menor das seguintes:

- A suma dos importes dos préstamos formalizados nas operacións de financiamento.
- O importe total da uva adquirida a terceiros na campaña 2025 das DO e IXP incluído o IVE correspondente.

### Contía da axuda

O importe da axuda será o resultado de sumar:

- Un máximo do 0,5% da base subvencionable, co límite da comisión da apertura e formalización.
- Un máximo do 0,5% da base subvencionable, co límite da comisión de apertura e estudo cobrada pola SGR (no caso de préstamos sen aval da SGR, a subvención por este concepto será 0 €)
- Un máximo do 1,25% da base subvencionable, co límite da comisión de aval cobrada pola SGR (no caso de préstamos sen aval da SGR, a subvención por este concepto será 0 €)
- Un 5% da base subvencionable, como de estimación de xuros correspondentes ao primeiro ano de vixencia do préstamo.

### Presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes de axuda comezará o **11 de agosto de 2025 ás 9.00 horas, e rematará o 16 de decembro de 2025**, ás 14.00 horas

### Axudas de *minimis*

As axudas financeiras que se concedan ao abeiro destas bases terán a consideración de axuda *de minimis*